

andando a terra

O GAITERO DE SOUTELO DE MONTES

A primeira noticia que tiven do Gaiteiro de Soutelo de Montes deuuma o meu amigo Urbano Lugris, aquel gigante, dono dun corazón inocente, tan grande pintor e poeta, anarquista de profesión e de vocación que diuamitou todas as formas establecidas para desorganizar o seu vixio a súa propia vida. Fui tamén Urbano Lugris quem me diu o nome do Gaiteiro de Soutelo: AVELINO CACHAFÉIRO BUGALLO. E declaro ninchando o peito e solemnizando a voz como si estivera rectificando un verso de Ponal. E logo mostrotame unha fotografía de Avelino, coa gaita ó lombo. Anos máis tarde o Gaiteiro de Soutelo de Montes sería meu amigo persoal e agasallármese co seu libro de versos VOANDO CASAS DA VIDA, no que me puse unha dedicatoria manuscrita. O libro leva unha fermosa fotografia de Urbano Lugris.

Avelino Cachaféiro Bugallo foi un mimo. Por ahi anda unha biografía. Mas realmente moi interesante e apasionante. A gran comunidade de gaiteiros galegos tienen o Gaiteiro de Penalta, mentado por Quiros, o Gaiteiro

de Ventosela e o Gaiteiro de Soutelo de Montes. Son moi coñecidos os versos de Quiros: Dende da Lérez Ixeiro ás vixas que o Miño esmalta non houbo no mundo entero máis arrogante queitciro que o queiteira de Penalta.

Tómosselle sentido, contar a don Ramón Otero Pedrayo que, sendo él neno, seu pai levarao ó peirao de Vigo, suponemos que no remate do século pasado, a recibir ó gaiteiro de Ventosela, que viña de América. Havia unha grande espectación. O Ventosela baixou do barco vestido de etiqueta, coa gaita do ful ó lombo e nunha nau unha gaiola na que pechaba a un loro. Tamén o Gaiteiro de Soutelo de Montes fixo a súa xira americana só cara ós anos trinta.

Avelino Cachaféiro Bugallo naceu en Soutelo de Montes, o 26 de maio de 1890 e morreu no mesmo lugar o 13 de abril de 1972. Filo e neto de gaiteiros, foi proclamado o mellor gaiteiro de Galicia nun concurso celebrado en Santiago de Compostela o 10 de agosto de 1924. Fran tres irmáns gaiteiros: Avelino, Castor e Bautista, que emigraron a Venezuela. O Gaiteiro de Soutelo foi Avelino. Castelao contou o seu

trunfo en Compostela. E no fol de quita de Avelino Cachaféiro Bugallo deixou dibuxada a face de Rosalía.

Avelino era un home moi ben pequeno, regordete, e usaba unhas grandes bigotes. Era loiro como dicían que eran os celtas. A súa constitución era forte e robusta como a deseas carballos que medran entre as penas. Unha sorrisa intelixente e comprensiva, iluminaba o seu rostro, simpático e expresivo, cum non sei qué de malicia retraquera.

Avelino Cachaféiro Bugallo viviu sempre na súa terra natal. Tivo unha taberna pra ganarse a vida e logo unha gasolinera en Soutelo de Montes. Do seu matrimonio nort tivo fillos. A morte da súa compañeira entriseccou moito. Dende a guerra civil o mítico GAITERO DE SOUTELO DE MONTES non voltou a tocar en público. Nos derradeiros anos da súa vida cultivo a pintura e a poesía. Tanto as súas pinturas como os seus versos non son gran cosa.

O que case ninguén sabe é que o Gaiteiro de Soutelo é o autor da famosísima "Muñeira de Chantada", que a meirande parte da xente fan por unha pax popular e que é unha das

muñeiras más famosas e más fermosas de Galicia. A súa identificación coa música popular foi tan grande que o povo "apropiouse" da máisma creación musical de Avelino Cachaféiro Bugallo. Tamén hai unha grabación, non moi boa por certo, feita hai xa moitísimos anos polo Gaiteiro de Soutelo, que xa non debe andar no mercado. A súa arte prodixosa morreu con el. Foi unha máguia que non quedaron grabacíos ben feitas. Mais xa sabemos o que pasa dende sempre coa nosa cultura popular.

O libre de versos de AVELINO CACHAFÉIRO BUGALLO pubriceuse no ano 1969, ten algúns poemas en castelán e foi prologado por Otero Pedrayo. Estiven a presentación do libro en Vigo. Falei longo co Gaiteiro de Soutelo de Montes sobre da nosa música popular e da poesía. Con aquela retranca que briaba sempre nos ollos do Gaiteiro de Soutelo, dixome:

—Lea o miúo libro de vagar. Os poetas novos teñen moi mucho que aprender nel.

Abrin o libro ó acaso. E atopéme con estes versos que realmente moi chamaron a atención:

M. HORTAS VILANOVA

A MIÑA SUBRÍÑA DE MADRI

María del mar salada
armis de perla del Sil
eres cual rosa gallega
del harío de Chamberí.

Pechei o libro. Despedidime co Gaiteiro de Soutelo de Montes. Nun voltei a oírlo máis.

Cando pasó por Soutelo de Montes lembro un testo de Castelao, escrito en Soutelo no ano 24, cando foi o gran trunfo do GAITERO:

...O paí co queitciro, na porta da casa, botou un foguete.
Avelino ganará o primeiro premio...

...O pais, a nai e a irmán,
dende a sorrisa dos seus beizos,
dixerón a Linha:

—Contare.

O irmán pequeno conteu:

—Eu tamén ganei o terceiro premio. Deixáronme tocar e toquei. Ise víse, meu paí, que bien me salí a alborada!

—Poi ganache un traxe, rapaz.

Arquela roita escotear dende a cama como as mozas cálitalas:
Tocá, gaiteiriño, toca,
meninas correi a velo
que é moita gaita a gaita
do gaiteiro de Soutelo!»